



Sanidade

CCOO rexistrou este martes un escrito en Sanidade para esixir o cumprimento do acordo sobre a xornada laboral no Sergas

O sindicato reclámalle ao conselleiro, Antonio Gómez Caamaño, que cumpra o asinado «de puño e letra» polo seu predecesor no cargo

9-9-2025.- Comisións Obreiras (CCOO) rexistrou no mediodía deste martes, 9 de setembro, un escrito na Consellaría de Sanidade esixíndolle ao conselleiro que cumpra o acordo sobre a xornada laboral a que se chegou na mesa sectorial hai case dous anos e medio. Segundo o sindicato, «pola vía dos feitos», o departamento autonómico está facendo caso omiso do pactado e obrigando máis da metade do persoal do Sergas a facer máis xornada laboral da que debería.

O dito acordo, rubricado na mesa sectorial de abril do 2023, prevía reducir progresivamente a xornada anual ata situala en 1533 horas, equivalentes a 35 horas semanais, ademais de suprimir a obriga de traballar os sábados de mañá.

Neste ano xa debería estar plenamente aplicado, pero o Sergas deu instrucións para incumprilo, de maneira que cada traballador ou traballadora afectada fará numerosas horas sen ningún tipo de compensación. Esta decisión prexudica a todo o persoal da atención primaria —tanto dos centros de saúde como dos PAC— e a todo o persoal dos hospitais sen quenda nocturna.

En total, «máis da metade dos 47 000 traballadores e traballadoras do Sergas padece este incumprimento», subliña a secretaria xeral de CCOO-Sanidade, Luz Fernández.

O conselleiro debe cumprir o asinado

Para CCOO, a solución a esta situación tena o conselleiro, Antonio Gómez Caamaño, a quen lle esixe que cumpra o asinado «de puño e letra» polo seu predecesor no cargo.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

GABINETE DE COMUNICACIÓN